

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### DESTINATARIO

Pola presente dásele traslado do literal do Decreto 260.2017 de data 22.05.2017 no que se convoca a sesión do Pleno do Concello na súa condición de membro de dito órgano.

**EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE XOVES 25 DE MAIO DE 2017**

**EXPEDIENTE Nº 2017/G010/000005**

**“Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25.05.2017**

**EXPEDIENTE Nº 2017/G003/000284**

**DON BERNARDO FERNANDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art. 80 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de 28 de novembro de 1986 e arts. 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola Secretaría municipal o día 22/05/2017, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do RD 2568/86, do 30 de novembro, e o artigo 2 a) do RD 1174/1987, do 18 de setembro, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** - Convocar a todas as concelleiras e concelleiros membros do concello Pleno á sesión Ordinaria que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello, o próximo **xoves 25/05/2017 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no art. 90 R.O.F., entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

**SEGUNDO.** - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

**1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

**- SESIÓN ORDINARIA DE 27.04.2017.**

**2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA: LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2016 (Expte.: 2017/G003/000266) E CORRECCIÓN DE ERROS (Expte.: 2017/G003/000269).**

**3.- DAR CONTA DE ASUNTOS ECONÓMICOS.**

**4.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES.**

**5.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.**



## 6. - ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

**TERCEIRO.-** Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaria Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

**CUARTO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D.Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D<sup>a</sup>. Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe.(Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987)."

**Rógase que en caso de non poder asistir o comunique á Alcaldía, a través da Secretaría Xeral indicando os motivos que o xustifiquen.**

En Pontedeume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe polo funcionario/a tramitador así como pola Secretaria Xeral do concello de Pontedeume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987).